



CONCELLO DE REDONDEIRA

ACTA DA XUNTANZA EXTRAORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE
CESANTES
29 DE SETEMBRO DE 2014

ORDE DO DÍA

1.- Orzamentos participativos 2014

No Centro Cultural de Cesantes, sendo as vinte horas e cinco minutos, do día vinte e nove de setembro de dous mil catorce, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Leonardo Cabaleiro Couñago, representante do PS de G – PSOE
- Cecilia Pérez Orge, representante do BNG
- Fernando González Fontán, representante das asociacións veciñais
- Ana María Rivero García, representante das asociacións culturais
- Jorge Rodríguez Crespo, representante das asociacións culturais
- María Fernanda Castro Montero, representante das asociacións culturais
- Juan Carlos Araújo Alonso, representante das entidades deportivas
- Marta Rosa Ramos Álvarez, representante das ANPAS

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de María José Barciela Barros, asistidos/as de min, Elena Barciela Alonso, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Cesantes convocada para o día de hoxe.

1.- Orzamentos participativos 2014.

Jorge Rodríguez Crespo di que a idea que teñen é poñer cinco marquesiñas: unha na parada da praia de Cesantes, dúas na estrada nacional 550 á altura do camiño da Ganga, unha de cada lado e dúas na estrada nacional 550 á altura de Talleres Crespo, unha de cada lado.

Ademais, na zona de San Pedro onde estaban situados os bios saudables, queren poñer tres mesas e unha fonte que custaría sobre uns 430 euros, parecida á que está colocada no paseo da Xunqueira ao lado das escaleiras do parking.

María Fernanda Castro Montero indica que lle pediu presuposto a Aqualia para poñer un tubo para a fonte e mellor sería que o puidese facer o Concello para aforrar cartos.



CONCELLO DE REDONDELA

Jorge Rodríguez Crespo di que cos cartos que aforrasen na instalación da fonte, poderíanse colocar máis mesas. Así mesmo, do lado da caseta do cura queren colocar dous bancos.

Fernando González Fontán indica que na zona da Pantalla donde estaba o parque pequeno, queren colocar un par de mesas para usar ese espazo público, así como, aproveitar un poste existente para colocar unha luz.

Jorge Rodríguez Crespo engade que tamén se coloquen un par de árbores.

Leonardo Cabaleiro Couñago pregunta se ese terreo está expropiado ou afectado polo AVE e, de ser o caso, que se pida a desafección polo Concello.

María José Barciela Barros entende que o terreo está afectado pero está ben para mantelo e acondicionalo.

Cecilia Pérez Orge di que hai que saber de quen é, se do AVE ou do Concello e se está expropiado ou afectado, e se se lle vai a dar uso ou vai quedar abandonado como pasou co parque.

Fernando González Fontán di que é unha zona que non ten ningún espazo público para xuntarse e hai bastantes veciños. Solicita limpialo, acondicionalo e colocar un punto de luz.

Ademais engade que na zona de San Pedro se poden colocar unhas árbores.

Leonardo Cabaleiro Couñago e Cecilia Pérez Orge son partidarios de colocar carballos como no paseo de Chapela que quedaron moi ben.

Jorge Rodríguez Crespo comenta que se sobran cartos dos orzamentos que se invirtan en colocar máis mesas en San Pedro, na Pantalla e na praia.

María José Barciela Barros di que tres bancos en San Pedro xa chegan e os restantes os poñan na praia. E se podía colocar algún xogo para rapaces maiores ou algún banco dentro do parque.



CONCELLO DE REDONDELA

Fernando González Fontán pide que no campo de San Pedro se coloque máis iluminación.

Jorge Rodríguez Crespo comenta que teñen algo máis para os orzamentos participativos, como por exemplo no colexio, na estrada da Deputación, donde termina a beirarrúa hai unha arqueta que sería bo tapala por seguridade.

Fernando González Fontán engade que na parroquia faltan varios puntos de luz e lle pedirán ao Concello que os inclúa no orzamento.

María José Barciela Barros di que outro tema que podían pensar é que entre o colexio de San Pedro e o muro da finca seguinte, hai unha finca sen muro e sería bo facelo xa que nesa zona non se pode ampliar a estrada pois do outro lado está pegada a vía do tren.

Fernando González Fontán lle pregunta a presidenta cando se vai asfaltar a estrada da praia.

María José Barciela Barros lle contesta que en breve.

Fernando González Fontán di que teñen coñecemento de que se vai asfaltar a baixada das Ánimas (camiño dos Castiñeiros) e pregunta como van facer coas rexillas e arquetas.

María José Barciela Barros explícalle que o mellor é que a Asociación de Veciños pida unha reunión co Concelleiro de Vías e Obras ou, se é o caso, co Alcalde, para que lle aclare todo.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte horas e trinta e oito minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.